

1. O sapo e a ra tiveron unha regueifa. Que é unha regueifa? Busca a palabra no dicionario e copia o significado que ten no texto.

2. Por que discutían o sapo e a ra? Cal deles cres que tiña razón?

3. Substitúe as palabras subliñadas por sinónimos do recadro:

**Bater-rosmar-aturo-liorta-consentir.**

- Non imos armar unha pelexa por esta parvada.
- Para xa de golpear o prato coa culler, fai moito ruído.
- Non soporto que me berren.
- Deixa de protestar polo baixo e dime que queres.
- Non podo permitir que insultes a miña irmá.

4. Clasifica estas palabras nos campos semánticos que correspondan:

**Melón -calor- irmá -sandía -avó - cereixas -brisa -curmán  
brumas obriña- amorodos -tío -ameixas -sol -cuñado  
bochorno.**

TEMPO:

FROITAS:

FAMILIA:

5. Localiza a palabra intrusa en cada un destes campos semánticos:

peixes → faneca, sardiña, xurelo, rapante, serea, xouba.

mariscos → percebe, mexillón, marea, gamba, lagostino.

aves → gaivota, pomba, avespa, pardela, pingüín.